



O noso compromiso coa auga é ...



Nivel

Segundo ciclo de primaria.

Distribución temporal

Unha sesión e media.

Obxectivo

Asumir actitudes e comportamentos cotiáns que favorezan un uso sustentable da auga e adquirir valores de corresponsabilidade.

Resumo

Decidir entre tod@s accións cotiáns de aforro, bo uso, etc., a respecto da auga, e realizar un mural - manifesto.





Metodoloxía:

Nesta actividade, é moi importante o proceso que levemos a termo coas crianzas, e por este motivo trataremos de utilizar unha metodoloxía participativa e deixar que sexan as súas propostas as que evolucionen.

A finalidade será comprometernos a facer accións, non só a dicilas, e por iso será importante que as propostas xurdan deles/as mesmos/as, e das posibilidades próximas que teñan.

Para nos podermos comprometer, fai falta decidir entre todos e pórmonos de acordo, sentir que todos somos importantes.

Descrición

- **Inicio**

Comezaremos a actividade lembrando a importancia da auga: as actividades sobre a auga que desenvolvemos, a idea da auga como recurso limitado, a necesidade de aforrar auga, de utilizala correctamente...

- Podemos iniciar a actividade de dúas formas diferentes: facendo unha chuvia de ideas en grupo ou dar un tempo ás crianzas para faceren unha recolla de información. As dúas opcións complementáanse e enriquecéanse mutuamente.

No caso de que anteriormente teñamos realizado a procura de información, bastará con retomar a actividade e xerar unha dinámica.

Chuvia de ideas. Chuvia de ideas en grupo sobre o que podemos facer para aforrar auga e utilizala correctamente: na escola, na casa, no xardín...

No encerado, faremos un debuxo que simbolice a casa, a escola, o xardín, a cidade... e iremos anotando debaixo de onde corresponda cada idea que sexa suxerida.

Recolla de información: Os nenos e as nenas poden facer unha recolla de información de diversos modos: entrevistas simples con familiares, amigos, consultando folletos informativos, preguntando no concello, consultando na Internet, etc...

- ☛ Recomendámosvos pode dispor na aula dalgúns folletos, libros e informacións sobre como aforrar auga.



- **Decidimos**

Ao finalizar a fase de recolla e chuvia de ideas, teremos que decidir entre tod@s qué as accións entre as que dixemos escollemos para incorporalas no noso día a día.

✓ O ideal é que esta decisión se realice mediante o consenso de tod@s. No caso de que se producisen desacordos, recoméndase iniciar un debate e chegar a un acordo común sobre a viabilidade das propostas. Se mesmo así non se chegase a un consenso, procederíase a realizar a votación das propostas.

- ☛ Non tentedes ter moitas accións: máis vale poucas, próximas e que se cumpran, que moitas e dispersas.

- **Mural - manifesto**

Coas accións escollidas por tod@s, realizaremos un mural - manifesto onde poremos as accións que nos comprometemos a facer a partir de agora.

- ☛ Podedes facer un símbolo ou debuxo resumo da acción e escribir debaixo o que simboliza.
- ☛ O mural debería deseñarse pensando en que sexa un elemento semi-permanente na aula, como mínimo un trimestre. Desta forma, terédelo máis presente e podedes utilizalo para ir revisando se realmente cumprimos os nosos compromisos coa auga.
- ☛ Podedes traballar o mural ao nivel plástico e creativo, facendo debuxos con relación á auga, etc.
- ☛ É interesante que deades a coñecer aos demais (aulas, escola, familias...) o que decidistes, a través da revista do centro, lendo o manifesto nun día importantes, pendurando o voso manifesto no corredor, etc.

- **Revisión**

É moi importante que fixedes momentos ao longo das seguintes semanas para a revisión ou a avaliación dos compromisos, se se cumpren, se o facemos todos, no caso de que non se cumpran, cál é a causa, se podemos rectificar...

- ☛ Apuntade e recompilade datos de vez en cando para facer un acompañamento dos vosos compromisos.
- ☛ Aconsellámosvos unha revisión en grupo ao cabo dun mes.